

**CONVENIO DE COLABORACION EMPRESARIAL ENTRE CONSEJO
REGULADOR DE LA DENOMINACIÓN DE ORIGEN RIBEIRO E A
FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA CON MOTIVO DA
EXPOSICIÓN CON FÍO EN GALICIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten previsto formalizar con CONSEJO REGULADOR DE LA DENOMINACIÓN DE ORIGEN RIBEIRO o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 13 de abril de 2016 ata o 11 de setembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, con motivo da exposición “Con Fío en Galicia” que terá lugar no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia entre os meses de marzo a setembro de 2016.

Co fin de alcanzar o devandito obxecto, CRDO RIBEIRO asume o compromiso de efectuar a achega económica que se indica na cláusula terceira seguinte para a promoción, divulgación, apoio e mecenazgo á celebración da exposición Con fío en Galicia e das súas actividades de dinamización.

Pola súa banda, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, se compromete a:



- a) aplicar a achega económica ás actividades e nos termos recollidos nos parágrafos anteriores.
- b) difundir e facer constar, de forma visible, a colaboración prestada por CRDO RIBEIRO nas comunicacións ou publicacións en que difunda información relativa ás actividades desenvolvidas coa colaboración de CRDO RIBEIRO , todo iso, nos termos que se indican na cláusula cuarta seguinte.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia, en cumprimento dos seus obxectivos fundacionais, dentro do seu programa de exposicións, inclúe a organización, desenvolvemento ou apoio de eventos culturais de interese para a difusión da Cidade da Cultura de Galicia, entre os que se atopa a exposición temporal “CON FÍO EN GALICIA” que permanecerá aberta ao público entre de marzo e setembro de 2016 no Museo Centro Gaiás.

A exposición Con Fío en Galicia terá lugar no Museo Centro Gaiás, da Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela, e ten prevista a súa inauguración o 11 de marzo de 2016 e a súa clausura o 11 de setembro de 2016.

Galicia ocupa un lugar propio na historia mundial da moda. Grandes deseñadores e unha industria global, froito dunha longa tradición téxtil, así o acreditan. A aparición nos anos oitenta e noventa de deseñadores como Adolfo Domínguez e a súa la arruga es bella, Roberto Verino, Antonio Pernas ou o grupo ‘Galicia Moda’ (Gene Cabaleiro, Florentino, Unicen, Caramelo...) marcarán as décadas douradas da moda galega,



protagonismo compartido co desenvolvemento dun próspero tecido empresarial que atopará o seu máximo exponente en Inditex, hoxe primeiro grupo téxtil do mundo.

Xunto a esta visión máis contemporánea, a exposición ofrecerá tamén un percorrido cronolóxico sobre a historia da vestimenta e da súa confección en Galicia desde a Prehistoria ata a actualidade.

O CONSEJO REGULADOR DE LA DENOMINACIÓN DE ORIGEN RIBEIRO, constituída mediante orden do 6 de decembro de 1956, ten como principais obxectivos amparar e protexer os produtos desta zona vitícola así como fomentar e controlar a calidade destes, a defensa da denominación, a aplicación do seu regulamento e a vixilancia do seu cumprimento, así como a promoción e o fomento da comercialización.

CRDO RIBEIRO mantén e desenvolve unha importante actividade económica na Comunidade Autónoma de Galicia e reconece a importancia da difusión De Con fío en Galicia, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión, así como as das súas actividades de dinamización, mediante a achega en concepto de doazón pura, simple e irrevogable, en consonancia coa súa política social corporativa, de forma altruísta, e sen contraprestación ningunha da cantidade que se referencia posteriormente na cláusulas do presente convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a 12 de abril de 2016

(asinado dixitalmente)

